



COMUNICADO DE PRENSA 07.11.08 O CONCELLO DE PONTEVEDRA CONTINÚA A TALAR ÁRBORES.

Cando a penas teñen pasado un par de meses desde a nosa última chamada de atención aos responsabeis municipais sobre a necesidade de protexer os espazos verdes e as especies arbóreas que neles se asentán, o Concello de Pontevedra sorpréndenos de novo cunha nova tala de árbores, facendo ouvidos xordos ás nosas recomendacións ao respecto.

Desta volta a tala tivo lugar no Campiño de Santa María e, como en ocasións anteriores, xustifícase a actuación en base aos supostos danos que as árbores estaban a provocar no solo e nas vivendas do contorno e á imposibilidade de acometer o seu traslado polo deficiente estado do seu sistema radicular, aspectos todos eles que –alomenos neste caso- non terían impedido o trasplante.

Como xa dixemos noutras ocasións, para a APDR a oposición á tala de árbores non supón unha cuestión de principios, e somos conscientes de que en determinadas ocasións, ben polo seu estado sanitario, ben polos perigos ou molestias que a súa permanencia poidera causar ás persoas e/ou nos bens materiais, a eliminación de exemplares pode estar xustificada. Pero dito isto, non podemos admitir que a remodelación dos espazos verdes teña que supor sempre a tala indiscriminada de árbores, unha práctica que –ao noso entender- se está facendo norma nas actuacións últimas do Concello.

Na APDR estamos convencidos de que o trasplante das árbores do Campiño de Santa María era posíbel e desde logo desexabel fronte a tala. Por eso non podemos estar calados fronte a este xeito de actuar. Pero, ademais, consideramos importante que un Concello como o de Pontevedra, que desde a chegada dos gobernos BNG-PSOE deu mostras dunha maior sensibilidade pola creación de novos espazos verdes e de lecer para a cidadanía e mesmo por implantar novas zonas arboradas, faga un labor educativo e exemplarizante para que esta cidadanía –e particularmente as persoas máis novas- adquiran valores que como os que teñen a ver coa defensa da natureza teñen que formar parte da bagaxe ética de calquera persoa que aspire a un futuro sustentabel, no que a defensa do medio ambiente natural prime fronte aos criterios economicistas e á especulación.

Lamentamos máis unha vez que desde o Concello non se teñan considerado as nosas recomendacións e agardamos que sexan tidas en conta para actuacións futuras.

Pontevedra, 7 de novembro de 2008.